

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 2019/C003/000009
OBRA “PROXECTO DE OBRAS DE URXENCIA NA CASA DE Mª ANTONIA DANS
PARA A CREACIÓN DUNHA CASA MUSEO”**

DATA: 06/09/2019	HORA DE COMEZO: 09:10 h.	HORA DE REMATE: 09:15 h.
------------------	--------------------------	--------------------------

ASISTENTES:

Presidente: Don Antonio Ángel Fraga Sánchez, alcalde accidental do Concello de Curtis

Vogais:

- Dona Ana Corral Miraz, secretaria-interventora accidental do Concello de Curtis
- Dona Olivia Souto Freiría, arquitecta técnica municipal
- Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa

Secretaria: Mónica Gesto Nieto, administrativa

DATA: 18/09/2019	HORA DE COMEZO: 09:00 h	HORA DE REMATE: 09:04 h
------------------	-------------------------	-------------------------

ASISTENTES:

Presidente: Don Antonio Ángel Fraga Sánchez, alcalde accidental do Concello de Curtis

Vogais:

- Dona Rosa María Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis,
- Dona Marta María Roca Souto, auxiliar administrativa

Secretaria: Mónica Gesto Nieto, administrativa

AUSENTE

- Dona Olivia Souto Freiría, arquitecta técnica municipal

DELIBERACIÓNS E ACORDOS:

APERTURA DOS SOBRES A (DOCUMENTACIÓN)

Segundo a información facilitada pola Plataforma de Contratos do Sector Público presentaron ofertas os seguintes licitadores:

EMPRESA	CIF	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	B70574397	02-09-2019 18:17
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	B32139784	20-08-2019 20:09
CONSTRUCCIONES LONVA S.L.	B15148117	02-09-2019 19:45

Procédese ao descifrado e apertura dos sobres A subtítulados “Documentación” e a mesa acorda suspender a sesión para o análise da documentación contida nos mesmos.

O día 18/09/2019 reanúdase a sesión da mesa co obxecto de proceder á **CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA** da documentación contida nos sobres A.

Da dita cualificación resulta o seguinte:

EMPRESA	DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	Correcta
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	Non cubre o apartado C (capacidade técnica e profesional) do documento europeo único de contratación (DEUC)
LONVA S.L. CONSTRUCCIONES	A declaración que achega non se axusta ao formulario do documento europeo único de contratación (DEUC) tal e como esixe a cláusula 12.A.1 do prego de cláusulas administrativas

A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

- Requirir a CONSTRUCCIONES DALAMA, SL para que, nun prazo de tres días naturais, achegue a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha declaración responsable axustada ao documento europeo único de contratación (DEUC) no que se atope debidamente cuberto a apartado C (capacidade técnica e profesional)
- Requirir a CONSTRUCCIONES LONVA, SL para que, nun prazo de tres días naturais, achegue a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha declaración responsable axustada ao formulario do documento europeo único de contratación (DEUC).

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu redacto esta acta que asinan electronicamente todos os membros da mesma.